



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/48/2014	CONYIOWW
3Q1Y4C5G6T2Q3Q2L1CB7	

ACTA PARA DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E APERTURA DO SOBRE "2" (REFERENCIAS TÉCNICAS), NA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE "MONITORES NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS".

Na Sala de Xuntas, ás doce horas e once minutos do día 28 de novembro de 2014, reúnese a Mesa de Contratación, constituída como órgano asesor no procedemento aberto seguido para a contratación da prestación do servizo de "Monitores nas escolas deportivas municipais", formada por:

O Sr. D. José Manuel Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral.

D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental.

Secretario de Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación.

Na sala de reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas citadas, en cumprimento do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación dos devanditos servizos, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta da documentación administrativa
- Apertura do sobre "2": Referencias técnicas

Antes de proceder á apertura dos sobres da documentación técnica, o secretario da mesa procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administracións públicas, dándose a coñecer que unha vez abertos os sobres "1", que contiñan a documentación administrativa e despois de que se procederá



a emenda dos erros existentes en dúas das empresas licitadoras, a Mesa de contratación admitiu a totalidade das empresas licitadoras agás Serviplustotal S.L.U., ao non cumprir cos requisitos de solvencia esixidos polos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

Para efectos do disposto no artigo 27 do Real Decreto Lei 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, procédese, pola Presidencia, á apertura dos sobres "2" de Referencias Técnicas presentados polas empresas:

- Hebe Sport S.L
- Servicios Deportivos de Galicia S.L.
- Axíña Servicios Deportivos S.L.
- Arasti Barca M.A. S.L.
- Eulen S.A.
- Ferroviai Servicios S.A.U.
- Servicio S.L.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, e unha vez redactado, esta Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do devandito Real Decreto Lei 817/2009 .

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e dous minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.